

**Evidencia de:**  
Grado en Linguas Extranxeras

# SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIALES

## AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

**Denominación del Título**  
Grao en Linguas Estranxeiras

**Centro**  
Facultade de Filoloxía e Tradución

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Autoinforme provisional. Órgano de aprobación**

Comisión de Calidade

**Fecha**

09 / 29 / 2014

**Autoinforme definitivo. Órgano de aprobación**

Xunta de Facultade

**Fecha**

10 / 27 / 2014

23 - Acta CC290914.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimieento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Descrición del título

**ID del título**

1008/2009 Grao en Linguas Estranxeiras

**Rama de coñecemento**

Artes e humanidades

**Universidade solicitante**

Universidade de Vigo

**Centro responsable de las enseñanzas conducentes al título o, de ser el caso, departamento o instituto**

Facultade de Filoloxía e Tradución

**Centro/s donde se imparte el título**

Facultade de Filoloxía e Tradución

**En caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidades participantes. UNIVERSIDAD COORDINADORA:**

**UNIVERSIDADES PARTICIPANTES:**

**Tipo de educación**

Presencial e semipresencial

**Régimen de estudos**

Total e parcial

**Periodicidad de la oferta**

Anual

**Número de plazas de nuevo ingreso ofertadas**

50

**Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante y período lectivo**

Plano de estudos deseñado para ser realizado en cursos consecutivos de 1º a 4º. Número máximo de créditos por matrícula será de 30 ao semestre e 60 por curso. Non se establece un número mínimo de créditos por curso no réxime a tempo parcial.

**Normas de permanencia**

A normativa de permanencia actualizada está no seguinte enlace:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm\\_perm\\_grao\\_mster.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm_perm_grao_mster.pdf)

**Información sobre la expedición de suplemento al título**

Consúltense os seguintes enlaces:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral\\_es/\\_galeria\\_descargas/normativa\\_reguladora\\_de\\_tramitacion\\_do\\_suplemento\\_europeo\\_ao\\_titulo.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_es/_galeria_descargas/normativa_reguladora_de_tramitacion_do_suplemento_europeo_ao_titulo.pdf)

[http://secxeral.uvigo.es/secxeral\\_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html](http://secxeral.uvigo.es/secxeral_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html), e máis directamente:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real\\_dec\\_exp\\_titulos.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real_dec_exp_titulos.pdf)

**Responsable del título**

María Rosa Pérez Rodríguez

**Coordinador/a del título**

Ana Bringas López

**Correo electrónico del/de la responsable del título**

rosa@uvigo.es

**Fecha de verificación del título**

24 / 06 / 2009

**Fecha de aprobación por el Consejo de Ministros**

30 / 10 / 2009

**Fecha de autorización de la implantación por la Xunta de Galicia**

27 / 08 / 2009

**Fecha de inscripción en el RUCT**

05 / 01 / 2010

**Fecha de publicación en el BOE**

05 / 01 / 2010

**Curso de Implantación**

2009-2010

**Modificaciones autorizadas****Fecha de la última acreditación**

24 / 06 / 2009

**Órgano responsable del Sistema de Garantía de Calidad del título**

Equipo Directivo do Centro, Coordinador do SGIC e Comisión de Garantía interna de Calidade do Centro.

**Memoria vigente del título**

memoria Grado\_en\_Lenguas\_extranjeras.pdf

**Descripción del título. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencia documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Descrición do título" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A páxina web do centro recolle información completa sobre todos os aspectos do título e as ligazóns relativas á información pública revisáronse e funcionan correctamente na data de redacción do informe. Nela aparecen claramente os seus responsables.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

Non houbo cambios no tipo de ensino, segue a ser presencial e semipresencial, aínda que, debido á aprobación do Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, houbo que aumentar o número de prazas ofertadas de 40 a 50.

Os idiomas de impartición das ensinanzas do grao son: galego e castelán; inglés, francés, alemán e portugués. Porén, aínda que o portugués aparece na memoria tamén como 2º idioma estranxeiro, unicamente se pode ofrecer como 3º idioma estranxeiro por mor das restricións orzamentarias da Universidade, que non fornece os recursos humanos necesarios para impartilo como 2º idioma, unha demanda do alumnado que se recolle cada ano.

A normativa de permanencia está accesible na páxina web da facultade, no apartado "Información académica". Foi aprobada en marzo de 2013.

Neste grao non se tivo que atender a ninguén con necesidades educativas especiais.

A información sobre o suplemento europeo ó título está accesible no apartado de Descrición correspondente á información sobre calidade.

A finais de xuño de 2014, producíronse dous cambios no equipo decanal do Centro que afectaron ó Vicedecanato de Organización Académica e ó Vicedecanato de Calidade. No caso do vicedecano de Organización académica, por diferenzas de criterio coa Decana e tras facer as consultas pertinentes e manter diversas conversas, o equipo decanal acordou substituílo por unha nova vicedecana. No caso do Vicedecanato de Calidade, produciuse a raíz do nomeamento do anterior vicedecano como director da Área de Calidade da Universidade de Vigo. Os cambios comunicáronse en tempo e forma ós membros da Xunta de Facultade e aparecen debidamente reflectidos na páxina web do Centro.

## **Buenas prácticas**

## **Propuestas de mejora**

## **Breve descripción de las modificaciones**

## **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Justificación" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y objetivos de calidad de la formación" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimientu/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Justificación. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Xustificación" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Unha vez implantados os catro cursos da titulación, valoramos o cumprimento deste criterio dun xeito satisfactorio. O interese académico científico e profesional do título continúa estando xustificadado, na liña apuntada no apartado 2.1 da Memoria de solicitude de verificación. Igualmente, os referentes externos sinalados na Memoria continúan avalando a adecuación da titulación a criterios nacionais e internacionais.

A nosa valoración está avalada polo aumento continuado de estudantes de novo ingreso que se veñen matriculando nos sucesivos cursos dende o inicio da titulación. Do mesmo xeito, as enquisas de satisfacción, tanto as realizadas pola Universidade de Vigo coma as enquisas internas da titulación, revelan un índice elevado de satisfacción coa titulación, non

só no alumnado de todos os cursos senón tamén no profesorado.

A nivel interno, os procedementos de consulta utilizados no curso 2013-14 contan co Sistema de Garantía Interno de Calidade do título como principal ferramenta. Os procedementos PE01 (Definición e revisión da política e obxectivos de calidade), en fase de revisión e de actualización, e DO-0102 (Seguimento e mellora das titulacións) velan para que haxa un adecuado retorno da información e están dispoñibles para consulta na páxina web do centro.

No curso analizado, 2013-14, houbo 50 matriculadas/os na titulación. Malia non dispoñermos de datos estatísticos sobre a evolución da oferta/demanda, podemos afirmar que a demanda é superior á oferta, dado que a matrícula péchase cada ano cunha lista de agarda de alumnado que desexa pero non pode acceder á titulación.

A titulación non conta con convenios con institucións.

#### CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE DO CENTRO

1. Mellorar a difusión dos obxectivos do plano de estudos.

A información sobre os obxectivos do plano de estudos está na páxina web da Facultade no apartado de información pública.

2. Mellorar os procedementos de captación e admisión de estudantes.

A Comisión de Calidade aprobou un plano de captación de alumnado, para graos e posgraos.

3. Mellorar o sistema de avaliación e os procedementos xerais de calidade do ensino.

A coordinadora revisa o sistema de avaliación de cada materia e axéitano, cando for preciso, ás recomendacións aprobadas pola Facultade en 2010.

4. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas de estudantes onde se trate o tema da planificación.

Acadáronse 4,28/7 puntos.

5. Mellorar os procedementos para a recollida de queixas e suxestións.

Á parte do protocolo tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión no decanato, habilitouse unha aplicación informática na páxina web da Facultade que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas e suxestións.

6. Número de queixas inferior o 5% do alumnado de novo ingreso. Cúmprese o obxectivo xa que non houbo queixas do alumnado de novo ingreso.

7. Índice de satisfacción igual ou superior o 4,2/7 puntos no programa de acollida realizado.

Acadáronse 3,86/7 puntos. A baixa valoración deste ítem pódese explicar polo feito de que a enquisa de satisfacción non fai diferenzas por curso nas preguntas. Ao non existir programa de acollida en máis cursos ca en primeiro, entendemos que o alumnado dos demais cursos se pode sentir confundido pola pregunta. Xa se solicitou á Área de Calidade que se modifique a enquisa neste punto.

8. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre o PAS da Facultade.

Acadáronse 4,33/7 puntos.

9. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre recursos para a aprendizaxe.

Acadáronse 4,60/7 puntos.

10. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de alumnado que valora positivamente o grao de competencia que acadou.

Non se pode avaliar por non aparecer ningún apartado específico nas enquisas de satisfacción. Con todo, presentamos unha media dos indicadores 74 e 75: 4,36/7 puntos.

11. Igualar ou superar a media da Universidade nas enquisas de avaliación docente (sobre 5). Acadáronse 3,92 puntos. A media da Universidade é de 3,72.

Despois de varios anos de estaren vixentes os anteriores obxectivos de calidade, a Comisión de Calidade entende que é necesario revisalos para ver se se adecúan á situación actual da Facultade. Fíxose unha convocatoria aberta a todos os



membros do centro para que contribuísen coas súas suxestións á posible reforma. A primeira reunión da Comisión de Calidade que tratou este tema foi a do 31 de outubro de 2013. Durante o cuarto trimestre de 2014 aprobárase o Manual de Calidade da Universidade de Vigo revisado e actualizado durante o curso 2013/14 (concretamente o anexo 4, Guía de obxectivos de calidade), de xeito que, baseándose nos criterios e requisitos establecidos para a determinación dos obxectivos de calidade do centro, redefiníranse os obxectivos de calidade existentes, así como as liñas de actuación e os indicadores que permitan desenvolvelos.

#### CUMPRIMENTO DO PLAN DE MELLORA DE 2012-13

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas.

A participación do alumnado foi do 28,28%, lixeiramente inferior á do ano pasado (30,06%) polo que non se cumpriu o obxectivo. Pola contra, a participación do profesorado aumentou significativamente, dun 36,36% en 2012-13 a un 56,10% en 2013-14. A escasa participación do alumnado nas enquisas reflectiuse como unha oportunidade para a mellora no informe de auditoría externa para a certificación da implantación do SGIC do centro, en que se sinalaba a necesidade de seguir buscando medidas que permitan aumentar a participación. A análise institucional levada a cabo apunta a unha serie de causas, entre as que figuran o descoñecemento do obxecto e finalidade das enquisas, a percepción negativa da súa utilidade real, as dificultades no modo de acceso á aplicación informática das enquisas, a falta de implicación nos procesos de mellora do centro e as dificultades na comprensión do cuestionario. Para resolver estes problemas, a Área de Calidade estableceu un grupo de traballo que se está encargando de mellorar o procedemento de recollida de opinión dos grupos de interese e o acceso á aplicación informática.

- Revisar os obxectivos de calidade do centro.

Como se indica máis arriba, comezouse o proceso, que culminará durante nos vindeiros meses coa aprobación do Manual de Calidade revisado e actualizado.

#### Buenas prácticas

- Creouse un espazo virtual de Coordinación do Grao na plataforma de teledocencia utilizada pola UVigo. Isto permitiu divulgar os obxectivos de calidade do centro, información sobre os resultados das enquisas etc. De xeito máis xeral, permite un maior contacto entre o alumnado do Grao e a Facultade.

#### Propuestas de mejora

- Mellorar o tratamento da información pública na web do centro.

- Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción.

#### Breve descripción de las modificaciones

#### Justificación de las modificaciones

Cumprimento dos obxectivos de calidade.docx

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

## Justificación. Plan de mejora

**Denominación de la proposta**

1. Mellorar o tratamento da información pública na web no centro / 2. Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción

**Punto débil detectado**

1. Faltan os enlaces aos referentes externos na memoria de verificación / 2. Participación escasa do alumnado nas enquisas

**Ámbito de aplicación**

1. Facultade Filoloxía e Tradución / 2. Facultade Filoloxía e Tradución e Universidade de Vigo

**Responsable de su aplicación**

1. Decanato / 2. Decanato, Coordinadora do Grao, titoras/es do PAT, Área de Calidade, ATIC

**Objetivos específicos**

1. Completar a información pública sobre o título no apartado de Xustificación. / 2. Acadar uns índices satisfactorios de participación do alumnado nas enquisas que permitan considerar os datos tirados delas como representativos.

**Actuaciones a desenvolver**

1. Incluir os enlaces aos referentes externos no apartado de Xustificación da memoria de verificación do título. /
2. Continuar divulgando entre as/os estudantes a importancia do SGIC e de participaren nas enquisas de satisfacción, a través das canles de difusión da información (lista fft, cartaces, pantalla de plasma), das reunións de coordinación e das xuntanzas do PAT. Institucionalmente, está previsto levar a cabo as seguintes accións:
  - Rematar as actividades levadas a cabo por un grupo de traballo multidisciplinar que se constituíu co obxectivo de racionalizar e mellorar as metodoloxías de avaliación empregadas (modo de recollida da opinión dos grupos de interese, frecuencia de realización, contidos dos cuestionarios ...)Este grupo de traballo constituíse en abril de 2014 e, actualmente, está na fase final de conclusións, pendente da reunión de peche.
  - Realización dunha campaña institucional para explicar e fomentar as actividades de recollida de opinión dos distintos grupos de interese. Incidirase na explicación da relevancia de cada unha das enquisas e o seu impacto nos programas de calidade e na mellora continua da calidade dos centros e servizos.
  - Mellorar o acceso á aplicación informática.

**Periodo de execución**

curso 2014-15 / curso 2014-15

**Recursos / financiamento**

sen custo /sen custo

**Indicadores de execución**

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

Plan Acci3ns Mellora\_Auditoría certificaci3n SGIC\_FFT.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Competencias" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Objetivos del plan de estudios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimientu/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Competencias / objetivos. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Competencias e obxectivos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14. Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

A coordinadora da titulación e a Comisión de Calidade non consideraron necesaria a modificación nin dos obxectivos nin das competencias xerais por entenderen que estes seguen sendo axeitados para o plano formativo e manteñen o carácter de formación xeral. Durante o curso 2013-14, e unha vez rematada a implantación do título, iniciouse un proceso de reflexión sobre a adquisición de competencias e o cumprimento dos obxectivos, por se fose preciso realizar algunha modificación neste apartado da memoria.

As competencias, xa que non se variaron, seguen cumprindo o establecido no RD 1393/2007.

A coordinadora comprobou, mediante a revisión das guías docentes, que todas as competencias xerais e específicas do

título foron tratadas nas materias do programa formativo. Todas as competencias específicas do grao, así como as transversais, están traballadas como mínimo nunha materia e sempre de acordo coas estipulacións da memoria de verificación do título.

Cómpre mencionar que a adquisición de competencias a través do Traballo de Fin de Grao vese seriamente comprometida pola negativa da Vicerreitoría de dotar esta materia de docencia metodolóxica presencial, unha demanda do alumnado que se recolle cada ano. O alumnado quéixase, ademais, de que paga unha matrícula e non recibe nada a cambio dela. Ademais desta falta de formación metodolóxica imprescindible, o recoñecemento insuficiente do traballo do profesorado que dirixe TFG (5 horas por traballo dirixido o curso anterior) provoca un malestar xeneralizado con esta materia, tanto no alumnado coma no profesorado, que se constata curso tras curso nas xuntanzas de coordinación. Xa que logo, é urxente modificar o tratamento desta materia para fornecela dos recursos necesarios para que o alumnado adquira as competencias a ela asociadas.

## RESULTADOS ACADÉMICOS

Toda persoa que non se presente a unha materia ou suspenda consideramos que non acadou ou adquiriu as competencias e os obxectivos propostos para superar dicha materia.

Nº de materias con 100% de aprobados: 7 (2 en 2012-13)

Nº materias con 75-100% de aprobados: 31 (35 en 2012-13)

Nº materias con 50-75% de aprobados: 15 (17 en 2012-13)

Nº materias con menos do 50% de aprobados: 1 (1 en 2012-13)

Materia con menor nº de aprobados do título: Pronunciación do primeiro idioma estranxeiro: Inglés (2º curso), 47,62%.

Unha análise comparativa destes resultados académicos con respecto aos resultados do curso anterior revela que se mantén a porcentaxe de aprobados nas materias, cunha lixeira baixada nos tramos centrais. Unicamente unha materia non acadou o 50% de aprobados (aínda que está próxima a esta porcentaxe, cun 47,62%). Aumenta significativamente o número de materias que acadan unha taxa de rendemento do 100% (un total de 7 fronte ás 2 do curso anterior). Trátase en todos os casos de materias que contan cun número baixo de estudantes (entre 9 e 14), o cal demostra que o éxito na adquisición das competencias está estreitamente relacionado co tamaño dos grupos polo que a crecente masificación das aulas, cun aumento do alumnado matriculado e o mantemento do número de grupos, fai agoirar unha baixa na taxa de rendemento nos vindeiros cursos.

## ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

Coñezo e estou satisfeito cos obxectivos xerais do plan de estudos: 4,43/7. Continúa a observarse unha suba constante con respecto aos anos anteriores: 2012-13: 4,38; 2011-12: 4,16; 2010-11: 4,05.

As guías docentes das materias son accesibles e coherentes cos obxectivos do plan de estudos: 5,16/7. Obsérvase que continúa subindo con respecto aos cursos anteriores: 2012-13 (5,04); 2011-12 (4,52) e 2010-11 (3,15). Nas enquisas de avaliación docente que cobre o alumnado na aula, este ítem recibe un 4,22/5 (media da Universidade: 3,90)

O profesorado di que coñece e está satisfeito cos obxectivos xerais do título: 5,82/7. Isto representa unha lixeira baixada con respecto ao ano anterior (6,09), aínda que se mantén por riba dos valores dos cursos anteriores: 2011-12: 5,49; 2010-11: 4,73.

Malia os esforzos de divulgación do SGIC por parte do Decanato e da coordinadora da titulación, o alumnado continúa sen se implicar no sistema. Cómpre perseverar nos esforzos para acadar unha participación máis elevada nas enquisas de satisfacción. As enquisas de alumnado e profesorado continúan a ter unha participación moi baixa, e de feito no curso 2013-14 produciuse unha lixeira baixada na participación do alumnado (28,28%) con respecto ao curso anterior (30,06%), a pesar do intenso labor informativo desenvolvido tanto pola coordinadora coma polo Decanato.

Para paliar parcialmente esta falta de interese, a coordinadora realizou unha enquisa propia, máis sinxela, entre o alumnado do grao. A enquisa constou de 20 preguntas (unha delas específica para alumnado de 1º, outra para alumnado de 4º) e realizouse virtualmente a través da plataforma de teledocencia Fatic. A participación do alumnado non foi todo o satisfactoria que cabía desexar, xa que se situou no 30,36%. No referente ás respostas, estas enquisas reflicten unha situación moi semellante á das realizadas pola Universidade no referente aos niveis de satisfacción do alumnado de todos os cursos coa titulación e co profesorado.

Pola contra, o profesorado aumentou a súa participación (56,10%) con respecto ao curso anterior (36,36%), aínda que continúa lonxe de acadar unhas porcentaxes que permitan considerar as enquisas verdadeiramente significativas.

#### PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

No curso 2013-14 continuouse observando unha baixa participación do alumnado no PAT. Con todo, a valoración xeral que se fai deste Plano dende a Comisión de Calidade é moi positiva, na medida en que permite detectar e solucionar problemas no desenvolvemento da docencia.

#### Buenas prácticas

- Realización dunha enquisa propia ao alumnado redactada pola coordinadora do Grao e realizada a través do Espazo de Coordinación do Grao na plataforma de teledocencia. Dun total de 307 estudantes (191 propias/os e o resto alumnado estranxeiro, que presumiblemente non respostou a enquisa por estar ésta en galego), contestaron a enquisa 58, isto é, un 30,36% do alumnado propio. Esta cifra coincide practicamente coa porcentaxe de alumnado que respondeu a enquisa oficial da Universidade.

#### Propuestas de mejora

- Crear un sistema de coordinación vertical e horizontal: coordinador/a de título, coordinadores/as de curso.

A coordinación horizontal tería as seguintes funcións: xestionar unha páxina en Faitic (plataforma de teledocencia), reunirse co profesorado do curso correspondente para elaborar as guías docentes, traballar co Vicedecanato de Organización académica para resolver incidencias cos horarios e os grupos de traballo, revisar horarios das actividades e das datas de avaliación para que non haxa solapamentos, reunirse co alumnado a comezos do 2º cuatrimestre para facer unha pequena presentación das novas materias e do novo profesorado, informar sobre o PAT a comezos de curso, facer de ponte entre a Delegación do alumnado e o profesorado, realizar a enquisa de satisfacción propia do curso correspondente, realizar un informe final de coordinación.

A coordinación do título supervisaría todo o proceso de coordinación, reuniríase coa coordinación horizontal ó longo do curso e co profesorado que fose necesario e levaría a cabo as tarefas correspondentes á realización do informe anual de seguimento.

Esta proposta depende, en calquera caso, da posibilidade de ofrecerlle ao profesorado encargado algunha desgravación docente como compensación pola carga de traballo que supón o labor de coordinación.

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

#### Breve descripción de las modificaciones

#### Justificación de las modificaciones

Enquisa propia GLE 2013-14.pdf

Ficha de seguimento PAT.docx

Informe sobre accións de coordinación GLE 2013-2014.pdf

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL 2013-14.docx

Resultados académicos, calificacións, satisfacción 2013-14.accdb

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

## Competencias / objetivos. Plan de mejora

**Denominación de la proposta**

Crear un sistema de coordinación vertical e horizontal: coordinador/a de título, coordinadores/as de curso.

**Punto débil detectado**

A coordinación entre o profesorado é susceptible de mellora.

**Ámbito de aplicación**

Facultade Filoloxía e Tradución

**Responsable de su aplicación**

Vicerreitoría de Profesorado, Decanato

**Objetivos específicos**

Mellorar a coordinación entre o profesorado de cada curso da titulación e acadar unha correcta distribución das competencias e da carga de traballo do alumnado.

**Actuaciones a desenvolver**

A coordinación horizontal tería as seguintes funcións: xestionar unha páxina en Faitic (plataforma de teledocencia), reunirse co profesorado do curso correspondente para elaborar as guías docentes, traballar co Vicedecanato de Organización académica para resolver incidencias cos horarios e os grupos de traballo, revisar horarios das actividades e das datas de avaliación para que non haxa solapamentos, reunirse co alumnado a comezos do 2º cuatrimestre para facer unha pequena presentación das novas materias e do novo profesorado, informar sobre o PAT a comezos de curso, facer de ponte entre a Delegación do alumnado e o profesorado, realizar a enquisa de satisfacción propia do curso correspondente, realizar un informe final de coordinación.

A coordinación do título supervisaría todo o proceso de coordinación, reuniríase coa coordinación horizontal ó longo do curso e co profesorado que fose necesario e levaría a cabo as tarefas correspondentes á realización do informe anual de seguimento.

**Periodo de execución**

curso 2014-15

**Recursos / financiamento**

descoñecido

**Indicadores de execución****Observaciones**

Esta proposta só sería factible no caso de que a Vicerreitoría lle ofrezca ao profesorado encargado da coordinación



horizontal un recoñecemento axeitado como compensación pola carga de traballo que supón o labor de coordinación.

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumprimento**

**Resultados obtendidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desenvolver**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Acceso y admisión de estudiantes" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y procedimientos de admisión" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Acceso y admisión de estudiantes. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Acceso e admisión de estudantes" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14. Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén ao perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título  
([http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com\\_content&task=view&id=1494&Itemid=572&lang=gl](http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=1494&Itemid=572&lang=gl)).

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación do estudantado de novo ingreso e tamén para o estudantado unha vez matriculado (DO-0203-P1 Orientación ao estudantado).

As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e programa formativo do título está accesible na páxina web da

universidade ([http://uvigo.es/uvigo\\_gl/estudos/](http://uvigo.es/uvigo_gl/estudos/)), na páxina web do título e na páxina web da Facultade (<http://webs.uvigo.es/centros/fft/>).

O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010.

O recoñecemento de créditos por estudos previos está publicado na memoria ([http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com\\_content&task=view&id=1494&Itemid=572&lang=gl](http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=1494&Itemid=572&lang=gl)).

Consideramos que o grao de cumprimento deste criterio é moi satisfactorio. Nos cinco anos de implantación do grao, a matrícula superou as expectativas e todos os anos foi superior ás 40 prazas de novo ingreso previstas (2013-14: 52; 2012-13: 58). Isto lévanos a pensar que as estratexias de promoción do grao e captación de alumnado son correctas.

Un 90% do alumnado matriculado procede das Probas de Acceso á Universidade. E a inmensa maioría procede da provincia de Pontevedra.

Durante o curso 2013-14 continuouse a desenvolver o “Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoxía e Tradución da Universidade de Vigo”, aprobado pola Comisión de Calidade do centro. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de mestrados.

Os obxectivos principais do plano de promoción e captación da FFT no que atinxe aos graos son os seguintes:

1. Proporcionarlle información e orientación ao alumnado de novo ingreso sobre as titulacións que se imparten no centro. Para este e outros fins a facultade publicou información na páxina web do centro e tamén distribuíu folletos informativos.
2. Mostrarlles ás futuras/os estudantes as actividades e instalacións do centro e presentarlles os contidos das titulacións que se imparten nel. Así, leváronse a cabo visitas guiadas ao centro para estudantes de secundaria.
3. Proporcionarlles información actualizada, fiable e de primeira man ás orientadoras/es de secundaria sobre as titulacións que se imparten no centro, de forma que coñezan os perfís que mellor se axeitan a elas. As accións propostas para este obxectivo son a organización de charlas informativas para orientadoras/es de secundaria e o envío de información escrita ás orientadoras/es de secundaria e ciclos formativos. No curso 2013-14 enviáuselles a todos os institutos das provincias de Pontevedra e Ourense a devandita información en forma de trípticos e carteis. Así mesmo, tamén se realizaron visitas aos centros de ensino secundario por parte da coordinadora da titulación.

Ademais de todas estas medidas de promoción e captación, o centro realiza unhas xornadas de benvinda de libre acceso ao inicio de cada curso para os diferentes títulos de grao e posgrao. No curso 2013-14 estas xornadas foron os días 4 e 5 de setembro.

No primeiro día das xornadas de benvinda a decana do centro inaugurou o curso e presentou o equipo decanal. A continuación, o secretario da Facultade presentou a páxina web da Facultade ao alumnado. Seguidamente as/os coordinadoras/es dos graos presentaron cadanseu grao. Tras esta presentación o servizo de biblioteca fixo una visita guía polas instalacións da facultade e da biblioteca e presentou o acceso web á biblioteca (catálogo, empréstimo, consulta en liña...). No segundo día de actos de benvinda tivo lugar a presentación da Unidade de Igualdade, da Oficina de Relacións Internacionais, das actividades culturais da Universidade, do Servizo de Deportes da UVigo, da man do director de área do Servizo de Deportes, cunha visita ás instalacións do Servizo de Deportes do campus de Vigo. Para concluír, presentouse o Plano de Acción Titorial, coa asignación de titoras/es aos diferentes grupos de alumnado. Finalmente, estas xornadas remataron cunha serie de reunións do alumnado coas respectivas titoras/es do PAT nos lugares indicados. Nas devanditas reunións, os estudantes cubriron as fichas de detección de necesidades, que se analizan posteriormente para obter información sobre necesidades específicas dos estudantes e poder atendela a través dos mecanismos definidos para tal fin (PAT, coordinación do título e vicedecanatos), sobre os que se pode obter información na web do centro.

## RESULTADO DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

Outro factor para avaliar ou valorar este apartado de acceso e admisión sería o relacionado cos resultados da enquisa de satisfacción do alumnado do título. O alumnado avaliou o acceso e admisión de estudantes cun 4,95/7, unha porcentaxe idéntica a do ano anterior. Algúns ítems avaliados neste apartado amosan unha lixeira baixada do grao de satisfacción do alumnado: “coñezo os criterios e os procedementos de admisión de estudantes” (4,98/7 fronte a 5,28 en 2012-13), aínda que segue a ser unha puntuación bastante satisfactoria. Mantense practicamente igual o ítem “estou satisfeita/o cos

programas de mobilidade do centro" (4,54/7 fronte a 4,59 en 2012-13), unha puntuación bastante satisfactoria. Canto ás accións de orientación (programas de apoio, atención a diversidade, inserción no mundo laboral, acollida, actividades culturais) obsérvase unha maior satisfacción do alumnado (3,86/7 fronte a 3,59 en 2012-13), aínda que a valoración deste ítem segue sendo mellorable.

**Buenas prácticas**

- Charlas en secundaria.
- Publicidade nos centros de secundaria.
- Xornada de portas abertas.
- Paneis informativos no centro.
- Accións informativas por correo electrónico antes do comezo de curso sobre as actividades do primeiro día.
- Acto de benvinda e sesións informativas.
- Información sobre o uso da Biblioteca.
- Fichas do alumnado de novo ingreso e análise dos datos.
- Fomento do uso do Faitic.
- Sesión informativa sobre 4º curso e TFG.
- Coordinación específica de TFG.
- Promover e facilitar a asistencia do alumnado ás actividades extra-académicas de interese.
- Creación dunha base de datos co histórico da evolución de taxas e enquisas de satisfacción.

**Propuestas de mejora**

- Crear un rexistro de datos de alumnado de novo ingreso e analizar a súa evolución no título.
- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

**Breve descripción de las modificaciones****Justificación de las modificaciones**

Actos benvinda\_2013-14.pdf

Calendario FFT 2013-2014.pdf

Plano de Captación.pdf

Plano\_de\_promoción\_e\_captación.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

Acceso y admisión de estudantes. Plan de mejora

**Denominación de la proposta**

Crear un rexistro de datos de alumnado de novo ingreso e analizar a súa evolución no título.

**Punto débil detectado**

Non se dispón de información suficiente sobre a evolución do alumnado durante a súa estadía na titulación.

**Ámbito de aplicación**

Facultade Filoloxía e Tradución

**Responsable de su aplicación**

Decanato

**Objetivos específicos**

Coñecer en detalle o alumnado de novo ingreso (perfil, obxectivos, intereses...) e facer un seguimento da súa evolución ao longo dos seus estudos de grao. Isto permitiría, por exemplo, ter máis datos sobre as causas do abandono nunha titulación na que a taxa de abandono é relativamente alta.

**Actuaciones a desenvolver**

Creación dunha base de datos con información detallada sobre cada estudante de novo ingreso: datos persoais e académicos, rendemento na titulación, materias das que se matricula etc.

**Periodo de execución**

curso 2014-15

**Recursos / financiamento**

descoñecido

**Indicadores de execución****Objetivos**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumprimento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Planificación de las enseñanzas" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Planificación de la enseñanza", "Garantía de la calidad de los programas formativos" y "Gestión del proceso de enseñanza-aprendizaje" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Planificación de las enseñanzas. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Planificación das ensinanzas" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14. Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

A normativa de permanencia está accesible na páxina web da facultade, no apartado "Información académica". Foi aprobada en marzo de 2013.

A definición de módulos e materias do plano formativo deste título segue sendo coherente co establecido no RD 861/2010.

Na memoria de verificación existe información sobre os mecanismos de coordinación.

Non se considerou necesario variar a estrutura dos módulos e materias por seren coherentes cos obxectivos e competencias.

A planificación temporal das ensinanzas está publicada na memoria do título.

O carácter e denominación das materias está publicado na memoria do título.

O sistema de avaliación axústase á normativa da Universidade de Vigo.

Existe un protocolo elaborado pola Comisión de Calidade e aprobado pola Xunta de Centro para a revisión das guías docentes, que inclúe a revisión e validación por parte da coordinadora da titulación, a revisión e aprobación pola Comisión de Calidade e a aprobación final en Xunta de Facultade. A coordinadora da titulación revisa todas as guías docentes para comprobar que a planificación das ensinanzas se axusta ás directrices da memoria de verificación e ás normativas aprobadas pola Xunta de Centro e pola Universidade de Vigo, no referente á presencialidade e á carga de traballo de cada materia.

Consideramos que o grao de cumprimento da planificación das ensinanzas é satisfactorio en termos xerais, unha vez rematada a implantación do título e despois de dúas promocións de graduadas e graduados. Isto non implica que non haxa algúns aspectos susceptibles de mellora nos que é preciso continuarmos traballando.

Outro aspecto positivo é que a presencialidade do grao non é excesiva (32-33% das horas de traballo total do alumnado), o que permite que o alumnado dispoña de tempo suficiente para o estudo, a lectura e a realización dos traballos asignados. A Comisión de Calidade continúa a facer un seguimento do sistema de avaliación para analizar e resolver as incidencias que se van presentando. A análise xeral do sistema de avaliación das materias do grao realizada no curso anterior permitiu identificar algúns parámetros que garanten que todas as materias seguen o sistema de avaliación continua, ao tempo que ofrecen alternativas para o alumnado que non pode asistir ás aulas con regularidade por motivos xustificadas. No curso 2013-14 non se detectaron problemas neste sentido.

A coordinadora do grao recolleu queixas do alumnado sobre as restricións que impón a normativa de permanencia sobre o número de créditos matriculables. Isto afecta especialmente ao alumnado de 4º curso que, nalgúns casos, non pode matricular o TFG por se exceder do número de créditos matriculables.

#### ENQUISAS DE SATISFACCIÓN E ENQUISAS DE AVALIACIÓN DOCENTE 2013-14

##### Alumnado

Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: 4,28/7 (12-13: 4,31; 11-12: 4,24). Mantense o valor cunha lixeirísima baixada.

Valoración das materias da titulación nas enquisas de avaliación docente: 4,10/5 (media da Universidade: 3,89).

Grao de satisfacción cos recursos de apoio ó ensino: 4,45/7 (12-13: 4,39; 11-12: 4,29). Lixeira suba, que se mantén constante dende o comezo das enquisas. Media da Universidade 13-14: 3,72/5

Valoración do profesorado nas enquisas de avaliación docente: 3,77/5 (media da Universidade: 3,72/5).

##### Profesorado

Grao de satisfacción do PDI coa planificación e desenvolvemento do ensino: 5,54/7 (12-13: 5,76; 11-12: 5,17). Lixeira baixada aínda que continúa a ser un valor bastante satisfactorio.

Grao de satisfacción cos/coas estudantes: 5,39/7 (12-13: 5,38). Mantense con respecto ao ano anterior, en que houbo unha suba considerable respecto do 2011-12: 4,26.

O profesorado avalía moi positivamente a coordinación entre o profesorado (5,5/7), un ítem que está ben valorado dende o comezo das enquisas (12-13: 5,58; 11-12: 5,15). Este dato, non obstante, contrasta coa percepción máis negativa que ten o alumnado da coordinación entre o profesorado (3,45/7; 12-13: 4,12). A falta de datos máis concretos sobre as materias específicas, pódese formular a hipótese de que a media global deste ítem resulte afectada por algunhas materias concretas, compartidas por varias/os docentes, sobre as que se presentaron queixas do alumnado neste sentido a través do PAT e das xuntanzas de coordinación.



En todo caso, resulta moi significativo que nas enquisas de avaliación docente, que cobren a gran maioría das/dos estudantes por cubrirense estas de forma presencial na aula, a valoración do alumnado da coordinación entre o profesorado recibe un 3,94/5 (media da Universidade: 3,78), un valor moitísimo máis alto que o que reflicten as enquisas de satisfacción. Resulta difícil, sen termos máis datos, explicar esta enorme diferenza. Non obstante, parécenos que as enquisas de avaliación docente son máis representativas ca as de satisfacción simplemente polo feito de seren cubertas por un número moito máis elevado de estudantes.

O profesorado aumenta lixeiramente a súa valoración do alumnado 5,39/7 (12-13: 5,38). Algúns ítems da valoración do alumnado experimentan unha suba destacable con respecto ao ano anterior: asisten regularmente á aula (6,24/7; 12-13: 5,95); utilizan habitualmente as horas de titoría (4,02/7; 12-13: 3,45), preocupápanse de comentar co profesorado os resultados das avaliacións (4,38/7; 12-13: 3,91).

#### MOBILIDADE DO ALUMNADO

Na páxina web do centro dispónse da seguinte información sobre a mobilidade no centro: a normativa interna de mobilidade estudantil, a normativa interna para alumnado, os criterios para validacións, as funcións das Vicedecanas responsables desta área e as bolsas do programa intensivo. A información restante está dispoñible na web da ORI e proporciónaselles ao estudantado a través de reunións de PAT e de reunións informativas específicas co persoal da ORI e as dúas Vicedecanas de Relacións Exteriores do Centro. As accións de mobilidade promovidas son adecuadas para favorecer o cumprimento dos obxectivos establecidos para os graos do centro e seguen o procedemento de xestión da mobilidade establecido (DO0205). A FFT destaca como centro tanto emisor como receptor de estudantes nos programas de mobilidade promovidos pola Universidade e dispón dun grupo de titores que orientan ao estudantado saínte e entrante no que for preciso. Durante o curso 2013-14 rexistráronse os seguintes datos de mobilidade de estudantes:

Francia: 3  
Alemaña: 3  
Reino Unido: 10  
Finlandia: 2  
Polonia: 2  
Libre mobilidade: 1 (Alemaña)  
Bolsas propias: 1 (Estados Unidos)

Grao de satisfacción cos programas de mobilidade do centro: 4,59/7 (12-13: 4,54).

Aumenta lixeiramente a satisfacción do alumnado cos programas de mobilidade do centro. Tamén aumenta lixeiramente a súa participación nestes programas (22 estudantes, fronte a 18 en 2012-13), aínda que non chega ao número de anos anteriores (11-12: 26 estudantes). Aínda que os motivos para este descenso non se explican nas enquisas, as entrevistas co estudantado poñen de manifesto que a principal causa para non participaren nos programas de mobilidade é a mala situación económica das familias, xa que as bolsas de mobilidade só cobren parcialmente os gastos da estada no estranxeiro.

Durante este curso continuaron a observarse algunhas incidencias derivadas da diverxencia entre os calendarios académicos da UVigo e de moitas universidades europeas. Isto provoca que o alumnado Erasmus alleo se incorpore ás aulas da UVigo con moito retraso, ás veces até un mes, o cal dificulta enormemente a súa participación na avaliación continua e supón un esforzo extra por parte do profesorado para acomodar este alumnado no normal desenvolvemento das aulas.

#### MATERIA TFG

Matriculados: 27; Presentados: 20  
Resultados totais: NP: 3; Suspenso: 1; Aprobado: 7; Notable: 8; Sobresaliente: 6; MH: 2  
Resultados maio: NP: 10; Suspenso: 0; Aprobado: 5; Notable: 4; Sobresaliente: 6; MH: 2  
Resultados xullo: NP: 3; Suspenso: 1; Aprobado: 2; Notable: 4; Sobresaliente: 0; MH: 0

Obsérvase un maior éxito na primeira edición de actas, onde os traballos presentados acadaron mellores cualificacións.

Non obstante, esta materia continúa xerando moitos problemas, derivados da súa xestión no marco da normativa vixente na UVigo. O profesorado manifesta o seu malestar porque esta materia non se inclúa no POD e considera insuficiente que a dirección dos traballos se recoñeza a posteriori mediante 5 horas de recoñecemento docente no POD do curso seguinte. Moi especialmente, o profesorado rexeita que a avaliación dos traballos sexa considerada unha obriga docente pero non se recoñeza de ningún xeito por parte da Reitoría (a Facultade outorgou 2 horas de recoñecemento a proposta do equipo directivo, o cal é a todas luces insuficiente dado o número de traballos que avaliou cada tribunal). No curso 2013-14, ademais, houbo algún PDI que se negou a participar na avaliación argumentando que a súa capacidade docente estaba cuberta.

Outro motivo de malestar derivase do feito de que a materia TFG carece de docencia presencial. O alumnado vén reclamando reiteradamente o seu dereito a recibir formación metodolóxica presencial nunha materia que paga a mesma matrícula que calquera outra. As queixas do alumnado foron recollidas nas xuntanzas coa coordinadora e co profesorado titor do PAT.

No curso 2013-14, avaliouuse a experiencia do TFG en xuntanzas convocadas tanto polo Vicedecanato de Calidade coma pola coordinadora do Grao. Como resultado, elaborouse un informe que recolle algunhas suxestións para corrixir algúns problemas detectados tanto na dirección coma na avaliación dos traballos. Non obstante, as eivas derivadas da carencia de docencia presencial e de recoñecemento docente son dificilmente subsanables sen un cambio da normativa.

No curso 2013-14 continuouse observando unha crecente masificación dos grupos de prácticas debido ao aumento do alumnado derivado da aplicación do decreto da Xunta que obriga a ter unha media de 50 estudantes de novo ingreso, cando na memoria de verificación do Grao estaban contemplados 40 estudantes. Por este motivo, os grupos prácticos son bastante numerosos, superando en ocasións os 20 estudantes, o cal redundará nunha merma da calidade da docencia e tamén problemas de tipo práctico, naquelas materias que fan uso de laboratorios ou aulas especiais cun aforo limitado. Porén, os recortes orzamentarios da UVigo non permiten aumentar o número de grupos. Finalmente, a intensificación docente derivada da aplicación do "Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo", tamén coñecido como "Decreto Wert", continúa xerando unha sobrecarga de traballo importante en parte do profesorado, que debe impartir un gran número de materias, cunha metodoloxía moi esixente en tempo e dedicación. Tamén o alumnado ten expresado as súas queixas reiteradamente polo feito de teren varias docentes nunha mesma materia. Isto hai que relacionalo coa baixada na valoración que fai o alumnado da coordinación entre o profesorado nas enquisas de satisfacción (3,45/7; 12-13: 4,12), aínda que esta valoración non coincide coa recollida nas enquisas de avaliación docente, como se comentou anteriormente.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13

- Redacción dunha normativa de elaboración de horarios docentes, unha vez extinguidas as licenciaturas e implantadas por completo as novas titulacións.

Ao final do curso 2013-14, a nova Vicedecana de Organización Académica comezou a traballar nesta normativa, que previsiblemente estará lista antes da elaboración dos horarios do curso 2015-16.

- Solicitarlle á Vicerreitoría que se recoñeza en POD a avaliación dos Traballos de Fin de Grao, por ser esta unha obriga docente, segundo a normativa da propia UVigo.

Solicitouse por parte do Decanato, con resposta negativa por parte da Vicerreitoría.

- Solicitarlle á Vicerreitoría que se contemple en POD 2 créditos ECTS de docencia metodolóxica para a materia Traballo de Fin de Grao.

Solicitouse por parte do Decanato, con resposta negativa por parte da Vicerreitoría.

- Solicitarlle á Vicerreitoría a elaboración dun compromiso ético para ser asinado polo alumnado universitario, coa fin de evitar os casos de plaxio nos traballos académicos.

En proceso.

#### Buenas prácticas

**Propuestas de mejora**

- Finalizar a redacción dunha normativa de elaboración de horarios docentes.
- Continuar solicitándolle á Vicerreitoría que se recoñeza en POD a avaliación dos Traballos de Fin de Grao, por ser esta unha obriga docente, segundo a normativa da propia UVigo.
- Continuar solicitándolle á Vicerreitoría que se contemple en POD 2 créditos ECTS de docencia metodolóxica para a materia Tráballo de Fin de Grao.
- Solicitalle á Vicerreitoría recoñecementos docentes que permitan nomear coordinadoras/es de curso.
- Fomentar o uso de Fatic no profesorado.
- Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

**Breve descripción de las modificaciones****Justificación de las modificaciones**

DO-0203-P1 Informe PAT 2013-14.pdf  
Enquisa propia GLE 2013-14.pdf  
Informe sobre accións de coordinación GLE 2013-2014.pdf  
Informe xuntanza tribunais TFG-maio 2014.pdf  
Mobilidade 2013-14.pdf  
Regulamento PAE.pdf  
Resultados académicos, calificacións, satisfacción 2013-14.accdb  
Xuntanza de coordinación TFG xuño 2014.pdf  
historico enquisas de calidade.xlsx

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

## Planificación de las enseñanzas. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Normativa elaboración horarios / Recoñecemento POD avaliación TFG / 2 ECTS presenciais TFG / Coordinadoras/es de curso / Uso de Faitic

**Punto débil detectado**

Normativa obsoleta. / Obriga docente non recoñecida. / Necesidade de formación do alumnado. / Coordinación insuficiente do profesorado. / Uso insuficiente de Faitic.

**Ámbito de aplicación**

Facultade / Universidade / Universidade / Universidade / Facultade

**Responsable de su aplicación**

Decanato / Vicerreitoría / Vicerreitoría / Vicerreitoría / Decanato

**Objetivos específicos**

- Adaptación da normativa existente sobre a elaboración dos horarios docentes ás novas titulacións.
- Conseguir o recoñecemento en POD dunha obriga docente que actualmente non está recoñecida, o que provoca rexeitamento no profesorado.
- Cubrir as necesidades formativas do alumnado no ámbito metodolóxico antes da realización do TFG.
- Mellorar a coordinación entre o profesorado en cada curso da titulación.
- Estender o uso de Faitic a todo o profesorado.

**Actuaciones a desarrollar**

- Adaptación da normativa existente sobre a elaboración dos horarios docentes ás novas titulacións.
- Solicitarlle á Vicerreitoría o recoñecemento en POD dunha obriga docente que actualmente non está recoñecida, o que provoca rexeitamento no profesorado.
- Solicitarlle á Vicerreitoría que se contemplen en POD 2 créditos en POD de docencia metodolóxica presencial na materia TFG.
- Crear un sistema de coordinación vertical e horizontal: coordinador/a de título, coordinadores/as de curso (ver apartado 3: Competencias e Obxectivos).
- Promover no profesorado a realización de cursos formativos sobre a plataforma Faitic e fomentar o seu uso por parte de todo o PDI.

**Periodo de ejecución**

curso 2014-15

**Recursos / financiamiento**

sen custo / descoñecido / descoñecido / descoñecido / descoñecido

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Personal académico" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz "Garantía de la calidad del personal académico y de administración y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimieuto/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Recursos humanos. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Recursos humanos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14. Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser suficiente.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Consideramos que o grao de cumprimento deste criterio é suficiente en termos xerais. No que atinxe ao persoal académico, as previsións realizadas na memoria de verificación son correctas. Non obstante, como xa se comentou no apartado 5 (Planificación), a intensificación docente que comezou coa aplicación do Decreto Wert supuxo un aumento substancial da carga docente para unha parte do profesorado, o cal é de prever que repercute negativamente na dedicación deste profesorado ás materias das que é responsábel. De igual xeito, a complexidade da nova organización docente implica con frecuencia unha fragmentación das materias entre varias/os docentes, o cal complica extraordinariamente a coordinación entre o profesorado e o desenvolvemento satisfactorio da docencia. Por este motivo, non podemos cualificar como satisfactorio o grao de cumprimento deste criterio.

No referente ao persoal administrativo, seguimos constatando que a nova estrutura, na que as titulacións dependen todas do centro, baleira de contido a secretaría administrativa do Departamento que reúne a docencia maioritaria no grao (Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá) ao tempo que satura a Secretaría do Centro.

Segundo os datos que nos enviou a Área de Calidade, neste grao impartiron docencia no curso 2012-13: 21 titulares de

Universidade, 2 titulares de Escola Universitaria, 5 contratadas/os doutoras/es, 1 asociada, 2 PDI a tempo completo (profesoras A3TC transformadas), 1 investigadora Parga Pondal, 4 bolseiras (2 da Xunta, 1 FPI e 1 FPU) e 2 lectoras. O número de quinquenios de docencia é 70, o que indica que a experiencia docente do conxunto é elevada. O número de sexenios é 31.

O procedemento PA05 está deseñado para a captación, selección e formación do profesorado. Con todo, nas actuais circunstancias, non hai practicamente contratacións e si despedimentos de profesorado asociado.

Nas enquisas de avaliación docente o alumnado valorou o profesorado da titulación cun 3,77/5 (media da Universidade: 3,72/5).

Nas enquisas de satisfacción, o alumnado manifesta unha satisfacción lixeiramente máis baixa ca o ano pasado co persoal de administración e servizos do centro: 4,33/7 (2012-13: 4,63).

No informe de avaliación da auditoría externa para a certificación do SGIC do centro sinálase unha non conformidade maior con respecto á implantación a nivel institucional dos procedementos PE02, PA05 e PA06, relacionados coa xestión do persoal. Os procedementos PE02, PA05 e PA06 deseñáronse desde unha perspectiva de funcionamento do centro cando a súa definición, despregamento e implantación responden a un marcado carácter institucional. A responsabilidade decisoria e executiva dos procesos de xestión do persoal (PDI e PAS) transcende a competencia dos centros, sen prexuízo das actividades que se desenvolven especificamente no centro.

A estrutura e o ámbito de aplicación do SGIC de centro non facilitan a xestión destes procesos no propio centro e, por este motivo, insitucionalmente decidiuse desenvolver as accións de mellora que se describen no plan de mellora asociado a este criterio.

#### **Buenas prácticas**

- O Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá (responsable da meirande parte das materias da titulación) continúa a ofrecer información moi completa sobre o seu PDI na páxina web do Departamento:  
<http://webs.uvigo.es/webh04/index.php>

#### **Propuestas de mejora**

- Crear un documento cos datos completos do PDI para subir á páxina web do centro: departamento, localización, datos básicos de contacto, categoría académica, tipo de vinculación á universidade, experiencia docente e investigadora, liñas de investigación...

- Redefinir (revisar e actualizar) os procesos relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS) integrando a dimensión institucional (tanto no ámbito de xestión como no académico) no SGIC do centro e incorporar como membros da Comisión de Calidade os directores de todos os departamentos con docencia no centro. Con esta última medida, preténdese obter información sobre os procesos de contratación de profesorado, detectar as necesidades de incorporación e formación do PDI e mellorar os procesos de toma de decisións. Ademais, intégrase a información procedente de todos os departamentos, o que facilitará a comparación de políticas e necesidades.

- Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

#### **Breve descripción de las modificaciones**

#### **Justificación de las modificaciones**

OUTROS RECURSOS HUMANOS DA FFT.pdf  
Profesorado Grao LE.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

Recursos humanos. Plan de mejora

**Denominación de la proposta**

Creación dun documento cos datos completos do PDI para subir á páxina web do Centro / Mellorar a implicación do centro nos procesos de selección de persoal

**Punto débil detectado**

Información insuficiente

**Ámbito de aplicación**

Facultade Filoloxía e Tradución

**Responsable de su aplicación**

Decanato / Área de Calidade

**Objetivos específicos**

- Mellorar a información pública sobre o profesorado da titulación na páxina web.
- Integrar a dimensión institucional nos procesos de selección de persoal no SGIC do centro.

**Actuaciones a desenvolver**

- Crear un documento cos datos completos do PDI para subir á páxina web do centro: departamento, localización, datos básicos de contacto, categoría académica, tipo de vinculación á universidade, experiencia docente e investigadora, liñas de investigación...
- A nivel institucional actualizaranse e implantaranse os procesos de administración do persoal que substituirán os actuais PA05 e PA06.
- A nivel do centro, incorporáronse ao final do curso 2013-14 como membros da Comisión de Calidade os directores de todos os departamentos con docencia no centro para obter información sobre os procesos de contratación de profesorado, detectar as necesidades de incorporación e formación do PDI e mellorar os procesos de toma de decisións, e mais integrar a información procedente de todos os departamentos, o que facilitará a comparación de políticas e necesidades.

**Periodo de execución**

curso 2014-15

**Recursos / financiamento**

sen custo /sen custo

**Indicadores de execución**



**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

Plan Acci3ns Mellora\_Auditoría certificaci3n SGIC\_FFT.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Recursos materiales y servicios" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Garantía de la calidad de los recursos materiales y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimientu/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Recursos materiales y servicios. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Recursos materiais e servizos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14. Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

A Facultade de Filoloxía e Tradución posúe as instalacións convenientes para un bo desenvolvemento da docencia. Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento da Facultade a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes. Existen procedementos no SGIC que regulan a adquisición e distribución dos recursos materiais. Con todo, na auditoría externa para a certificación do SGIC do centro, o equipo avaliador detectou unha non conformidade maior na implantación dos procedementos relativos a este criterio, xa que o procedemento PA07 non se adapta á realidade funcional dos centros. Esta situación deu lugar a un Plan de mellora do funcionamento dos SGIC que inclúe unha revisión e actualización de toda a documentación de calidade asociada a estes procesos que xa se está levando a cabo e que finalizará en outubro de 2015.

Os recursos deben ser sempre mellorados, independentemente da valoración que fagan deles as persoas usuarias. No que atinxe ás plataformas de teledocencia e recursos didácticos en xeral continuaremos facendo un esforzo para que o profesorado os utilice máis e aproveite as vantaxes que poden ter na impartición da docencia.

O alumnado mostra unha satisfacción relativamente alta cos espazos docentes e coas plataformas de teleensino (indicador 75: 4,45/7), mellorando os resultados do ano anterior (4,39). Na enquisa propia da titulación, este apartado tamén se avaliou cunha puntuación moi elevada: 5,38).

A satisfacción do alumnado cos espazos destinados ao traballo segue sendo bastante alta (5,27/7) aínda que diminúe a respecto do ano pasado (5,83). Continúan recolléndose queixas sobre o ruído excesivo provocado polos equipos informáticos dalgunhas aulas.

A satisfacción do alumnado cos servizos externos (cafetería, reprografía...) aumenta considerablemente (5,71/5; 2012-13: 4,82).

No curso pasado fixéronse algúns cambios que supuxeron un investimento salientable:

- Novo laboratorio de Intepretación no pavillón Newton con 20 postos.
- Cambio de situación e renovación parcial da aula de informática de libre acceso para estudantes.
- Renovación da aula A8 para axeitala á docencia de seminarios, especialmente nos mestrados.

Os fondos da biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución considéranse axeitados para as esixencias que leva consigo un grao coma este. Pódense consultar aquí: [http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com\\_rockdownloads&view=folder&Itemid=101&id=2224:le7--recursos-materiais-e-servizos](http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rockdownloads&view=folder&Itemid=101&id=2224:le7--recursos-materiais-e-servizos). Ademais, conta cun blog [<http://blogdabiblio.es/>] e con varios taboleiros no Pinterest de Bibliotecas da Uvigo [<http://www.pinterest.com/CenUVIGO/boards/>]

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13

- Revisar as instalacións informáticas das aulas para tentar reducir o nivel de ruído provocado polos ventiladores dos ordenadores, que chegan a producir fatiga auditiva, ademais de dificultades para a comunicación entre profesorado e alumnado nalgunhas aulas.
- En proceso

#### Buenas prácticas

#### Propuestas de mejora

- Continuar a revisar as instalacións informáticas das aulas.
- Crear un espazo na web do centro sobre este punto.
- Aplicar os procedementos de calidade referentes a este criterio que elabore a Área de Calidade.
- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

#### Breve descripción de las modificaciones

#### Justificación de las modificaciones

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

## Recursos materiais y servicios. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Continuar a revisar as instalacións informáticas das aulas. / Crear un espazo na web do centro sobre os recursos materiais. / Aplicar os novos procedementos de calidade elaborados pola Área de Calidade

**Punto débil detectado**

Exceso de ruído producido polos equipos informáticos. / Información insuficiente / Falta de correspondencia dos procedementos actuais coa realidade do centro

**Ámbito de aplicación**

Facultade Filoloxía e Tradución //FFT e Universidade de Vigo

**Responsable de su aplicación**

Decanato // Decanato e Área de Calidade

**Objetivos específicos**

- Tentar reducir o nivel de ruído provocado polos ventiladores dos ordenadores que producen fatiga auditiva ademais de dificultades para a comunicación entre profesorado e alumnado.
- Mellorar a información pública sobre os recursos materiais do centro na páxina web.
- Implantar correctamente os procedementos de calidade relativos á xestión dos recursos materiais e servizos.

**Actuaciones a desarrollar**

- Revisión dos equipos informáticos.
- Creación dun espazo web sobre recursos materiais na páxina do centro.
- Aplicar os novos procedementos de calidade unha vez estean elaborados.

**Periodo de ejecución**

curso 2014-15 // cursos vindeiros

**Recursos / financiamiento**

descoñecido / sen custo /sen custo

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

Plan Accións Mellora\_Auditoría certificación SGIC\_FFT.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Resultados previstos" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Análisis y utilización de los resultados para la mejora de los programas formativos" y "Publicación de la información y rendición de cuentas sobre los programas formativos" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Resultados previstos. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Resultados previstos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14. Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

O procedemento PC12 do SGIC está deseñado para esta avaliación.

O grao de satisfacción do alumnado coa titulación é de 4,38/7. Aínda que este índice cumpre os obxectivos de calidade, consideramos que cómpre seguir traballando para mellorar a satisfacción do alumnado.

Non se ten constancia de incidencias na realización das enquisas. A participación foi do 28,28%, levemente inferior á do ano anterior (30,06), isto a pesar da intensa campaña que se fixo entre o alumnado por parte tanto do Decanato coma da coordinadora da titulación. Cómpre seguir traballando no deseño de estratexias para conseguir unha maior participación do alumnado, que permita considerar as enquisas como verdadeiramente representativas.

Non se considerou necesaria a definición de novos indicadores á parte dos xa previstos (eficiencia, rendemento, abandono, graduación).

2009-2010 2010-2011 2011-2012 2012-2013 2013-2014

Taxa de éxito 75,13% 78,61% 85,88% 85,62% 85,48%  
 Número de prazas de novo ingreso ofertadas 40 40 40 50 50  
 Taxa de rendemento 65,08% 67,15% 73,02% 77,87% 76,93%  
 Ratio de prazas demandadas/ofertadas SD SD 135% 144% SD  
 Estudantes preinscritos sobre prazas ofertadas 1,20 1,17 1,10 1,26 1,14  
 Nota media de acceso 5,26 7,59 9,06 7,75 8,68  
 Variación da matrícula de novo ingreso  
 no 1º curso respecto ó curso anterior Non procede 95,35% 97,56% 135% SD  
 Taxa de abandono SD SD 14 ab. 13 ab. 12 ab.  
 Taxa de graduación 35,42% 25,53% Non procede Non procede Non procede  
 Taxa de eficiencia SD SD SD 96,85% 92,86%

A matrícula continúa estando por riba das 40 prazas establecidas na memoria. Isto débese non só ao interese que suscita a titulación senón tamén ao feito de que o Decreto 222/2011 aprobado pola Xunta de Galicia obriga as titulacións, para seren consideradas viables, a ter unha media de 50 estudantes de nova matrícula no primeiro curso, polo que a UVigo está permitindo que se matricule máis alumnado das prazas establecidas na memoria (52 estudantes no curso 2013-14).

A media de acceso é moi alta (8,68), o cal supón un aumento con respecto ao curso anterior (7,75).

A taxa de rendemento experimenta un lixeiro descenso, do 77,87% ao 76,93%. Consideramos que esta porcentaxe é relativamente baixa, polo que cómpre seguir analizando as causas do relativo fracaso materia por materia, xa que se demostra unha dificultade en superar os créditos matriculados. Con todo, a taxa de éxito é do 85,48%, o que indica que a superación dos créditos realmente examinados e superados é máis satisfactoria.

A taxa de abandono desta titulación é relativamente alta. Non dispoñemos de datos máis específicos que nos permitan analizar a situación en detalle: por exemplo, descoñecemos en que curso se producen os abandonos ou se estes lle corresponden a unha promoción en concreto ou non. Os datos ao noso alcance non nos permiten facer unha análise axeitada desta taxa.

A taxa de graduación do título é do 35,42% (para a primeira promoción, que comezou o grao no 2009-10) e do 25,53% para a segunda (2010-11). Porén, esta última promoción aínda ten a oportunidade de examinar as materias pendentes na convocatoria extraordinaria de fin de carreira (outubro de 2014) polo que previsiblemente esta taxa se verá alterada.

#### TRABALLO FIN DE GRAO

Matriculados: 27; Presentados: 20

Resultados totais: NP: 3; Suspenso: 1; Aprobado: 7; Notable: 8; Sobresaliente: 6; MH: 2

Resultados maio: NP: 10; Suspenso: 0; Aprobado 5; Notable: 4; Sobresaliente 6; MH: 2

Resultados xullo: NP: 3; Suspenso: 1; Aprobado: 2; Notable: 4; Sobresaliente: 0; MH: 0

En xeral, os resultados desta materia son bastante positivos, dado que dos 27 traballos matriculados, unicamente non superaron a materia 4 (1 suspenso e 3 non presentados). Non obstante, cómpre agardar a convocatoria extraordinaria de fin de carreira para termos os datos definitivos.

A nota media do alumnado egresado é de 7,06/10.

Non se recolleron queixas nin suxestións con respecto a este punto.

Non hai taxas de inserción laboral dispoñibles. Sobre a inserción laboral non hai datos concluíntes. A ACSUG elabora uns informes de inserción que nestes momentos non están aínda actualizados. A Área de Calidade da Uvigo está a preparar unha enquisa sobre inserción que servirá, cando estiver feita, para avaliar os datos dos últimos tres anos.

Consonte o procedemento DO 0201, realízanse accións de coordinación en forma de xuntanzas cuatrimestrais co alumnado para valorar o seu progreso académico.

## **Buenas prácticas**

- Realización de enquisas propias e análise dos resultados.

## **Propuestas de mejora**

- Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

## **Breve descripción de las modificaciones**

## **Justificaciones de las modificaciones**

Cumprimento dos obxectivos de calidade.docx

DO-0203-P1 Informe PAT 2013-14.pdf

Enquisa propia GLE 2013-14.pdf

Taxas Grao LE.docx

historico enquisas de calidade.xlsx



**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Sistema de garantía de calidad" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y el Sistema de Garantía Interna de Calidad (SGIC) del Centro.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Sistema de Garantía de Calidad. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Sistema de garantía de calidade" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14. Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

A Facultade presentou un SGIC que foi validado pola ACSUG. Este sistema pretende regulamentar o seguimento da accións relacionadas co control da calidade no centro. A Área de Calidade da UVigo forneceunos dunha aplicación informática para xestionar esta información. No curso 2013-14 o SGIC da FFT someteuse ao proceso de certificación da implantación do SGIC, dentro do que se celebrou unha auditoría externa. O equipo auditor, unha vez examinado o SGIC do centro, redactou un informe inicial, mais aínda non emitiu unha valoración. Segundo consta no informe, a FFT logrou unha correcta e adecuada implantación da meirande parte dos procedementos do seu SGIC e o seu funcionamento está claramente orientado á mellora continua da formación que ofrece ao estudantado. O informe tamén destaca a correcta adaptación do sistema ás características do centro e o traballo e implicación da Comisión de Calidade e do equipo directivo do centro. Con todo, no informe reflíctense tres non conformidades e varias propostas de mellora que cómpre ter en conta e subsanar. Dúas das non conformidades non dependen do centro e xa se están tomando as medidas oportunas a nivel institucional para corrixir os problemas. En canto á terceira non conformidade, esta ten que ver co problema xa detectado en cursos anteriores da ausencia de representación dos sectores de alumnado e egresados na Comisión de Calidade.

O órgano responsable do SGIC é a Comisión de Garantía Interna de Calidade, que cumpre a normativa vixente en canto á

estrutura e composición. A renovación dos membros da comisión lévase a cabo periodicamente, dado que os seus integrantes varían cada curso. Durante o curso 2013-14 incorporáronse á Comisión os Directores dos Departamentos para mellorar a comunicación entre todos os órganos do Centro e recoller información sobre necesidades de persoal. Ademais, no mes de xuño producíronse cambios no equipo decanal (Vicedecano de Organización Académica e Vicedecano de Calidade), mais só afectou á composición da comisión de calidade o cambio de Vicedecano de Calidade. Aínda que dende o centro se vela pola participación na comisión de representantes de todos os grupos de interese, a escasa implicación dos estudantes e dos egresados nos órganos de representación do centro fai que actualmente non existan representantes destes grupos de interese na Comisión. Como xa se indicou anteriormente, este problema foi sinalado pola comisión avaliadora da auditoría externa para a certificación do SGIC como unha non conformidade maior e xa están previstas as accións de mellora que se recollen no plano de mellora correspondente a este criterio.

No curso 2013-14, do mesmo xeito que en cursos anteriores, no centro aplicáronse os procedementos de calidade relativos á avaliación e mellora da calidade do ensino e do profesorado (DO 0102, DO 0201, PM01) e analizáronse os resultados dos diferentes indicadores de calidade. Tamén se aplican os procedementos referentes a prácticas externas e mobilidade (DO0204 e DO 0205) e os referidos á satisfacción dos diferentes colectivos e aos criterios de extinción (PM01, PA03, PA04, DO 0103). Detectouse unha implantación deficiente dos procedementos de recollida de información sobre a inserción laboral dos estudantes, mais a Universidade está a traballar institucionalmente para facilitar a recollida de datos sobre este punto. Os procedementos de calidade do SGIC están experimentando un proceso de modificación coordinado e dirixido pola Área de Calidade, polo que durante o curso 2013-14 se foron aplicando os procedementos pertinentes seguindo as directrices da Área de Calidade a este respecto no referente á súa vixencia.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13

- No referente á pouca implicación no desenvolvemento do SGIC no centro, o proceso de certificación do SGIC logrou un mellor coñecemento dos procedementos de calidade do centro e unha maior implicación dos diferentes sectores afectados, que non dubidaron en enviar representantes á auditoría externa. Mesmo o colectivo de estudantado, que non está representado na Comisión de Calidade, acudiu á sesión de auditoría informado sobre os distintos aspectos do centro.

#### Buenas prácticas

- Revisión e actualización dos procedementos.
- Elaboración de enquisas propias e análise periódica dos resultados.
- Recomendacións internas acordadas entre o profesorado que dirixe e avalía os TFG.
- Incorporación dos directores de departamento do centro á comisión de calidade.

#### Propostas de mejora

- Sensibilización do estudantado sobre a necesidade de participar nos órganos de goberno e decisión do Centro a través de charlas informativas e orientación nas reunións celebradas co profesorado titor do PAT. Nomeamento de representantes de cada curso dentro do PAT do centro coa finalidade de conseguir que o estudantado se afaga a representar e ser representado e motivalo a participar activamente nos órganos de decisión.
- Campaña intensiva específica de captación previa á convocatoria de eleccións a membros de xunta de centro.
- En vista da imposibilidade de convocar eleccións á Xunta de Centro antes de decembro de 2015, establécese como medida anticipada propoñer o nomeamento na próxima xunta de centro do representante do sector de alumnado.

En todo caso, o Manual de Calidade, en que se establece a estrutura da Comisión de Calidade, será obxecto de actualización no cuarto trimestre de 2014.

- Mellorar a accesibilidade da información na páxina web do centro.

- Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.
- Facer máis visible e atractiva a información pública na páxina web do centro renovándoa.
- Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

## Breve descripción de las modificaciones

## Justificación de las modificaciones

Aprobación incorporación Departamentos á CC.pdf  
IP Certif.FFTraducion\_Vigo.pdf  
MEMBROS COMISIÓN DE CALIDADE 2009-2014.pdf  
Plan Accións Mellora\_Auditoría certificación SGIC\_FFT.pdf  
Regulamento Interno da Comisión de Calidade.tif  
Xuntanza de coordinación TFG xuño 2014.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

Sistema de Garantía de Calidade. Plan de mejora

**Denominación de la proposta**

Participación do alumnado nos órganos de goberno e decisión / Campaña captación membros Xunta Centro / Nomear representante temporal alumnado na Com. Calidade / Mellorar web / Divulgar SGIC

**Punto débil detectado**

Alumnado non participa / Case non hai representantes en Xunta de Centro / Non hai alumnado na Com. Calidade / Web pouco doada de manexar / Escaso coñecemento SGIC

**Ámbito de aplicación**

Facultade Filoloxía e Tradución

**Responsable de su aplicación**

Decanato / Decanato / Decanato / Decanato / Decanato, Coordinadora do Grao, titoras/es do PAT

**Objetivos específicos**

- Conseguir unha maior participación do alumnado nos órganos de goberno e decisión do Centro.
- Acadar unha maior representación do alumnado na Xunta de Centro.
- Acadar representación de alumnado na Comisión de Calidade.
- Facer a páxina web do centro máis atractiva e doada de manexar.
- Estender o coñecemento do SGIC entre o alumnado e o profesorado.

**Actuaciones a desenvolver**

- Sensibilización do estudantado sobre a necesidade de participar nos órganos de goberno e decisión do Centro a través de charlas informativas e orientación nas reunións celebradas co profesorado titor do PAT. Nomeamento de representantes de cada curso dentro do PAT do centro coa finalidade de conseguir que o estudantado se afaga a representar e ser representado e motivalo a participar activamente nos órganos de decisión.
- Campaña intensiva específica de captación previa á convocatoria de eleccións a membros de xunta de centro.
- En vista da imposibilidade de convocar eleccións á Xunta de Centro antes de decembro de 2015, establécese como medida anticipada propoñer o nomeamento na próxima xunta de centro do representante do sector de alumnado. En todo caso, o Manual de Calidade, en que se establece a estrutura da Comisión de Calidade, será obxecto de actualización no cuarto trimestre de 2014.
- Mellorar a páxina web do centro para facer máis visible e atractiva a información pública.
- Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.

**Periodo de execución**

curso 2014-15 (no caso das dúas primeiras propostas, os resultados non se poderían verificar até o curso 2015-16, despois da convocatoria de eleccións de representantes do alumnado)

**Recursos / financiamento**

sen custo agás a renovación da páxina web (custo descoñecido)

**Indicadores de execución**

**Observacións**

A cumprimentar solo si fue executada (total o parcialmente)

**Nivel de cumprimento**

**Resultados obtidos**

**Grado de satisfacción**

**Accións correctoras a desenvolver**

**Evidencia de:**

Grado en Lenguas Extranjeras

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Calendario de Implantación. Valoración del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Calendario de implantación" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14. Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

A implantación do título realizouse sen ningún problema en 2009.

Os procedementos para o recoñecemento e adaptación do estudantado son os correctos polo que o estudantado procedente de plans extinguidos e ciclos de formación profesional non refiren ningún problema relacionado con estes aspectos.

A titulación de Filoloxía Inglesa extinguiuse e no curso 2013-14 xa non tivo docencia en ningún curso, aínda que se mantiveron as probas de avaliación para os cursos 3º, 4º e 5º.

O cronograma de implantación está público en [http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1384:le10--calendario-de-implantacion](http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1384:le10--calendario-de-implantacion)

A guía de adaptacións para o estudantado que provén dos títulos que se extinguen está publicada en [http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1384:le10--calendario-de-implantacion](http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1384:le10--calendario-de-implantacion)

**Buenas prácticas**

**Propuestas de mejora**

**Breve descripción de las modificaciones**

**Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Adjuntar documento cumplimentado de accións realizadas ante recomendacións do IF e informes de seguimento anteriores**



**GRAO EN LE.pdf**



**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Adjuntar tabla cumplimentada de "Relación del SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales".**



**TÁBOA GRAO LINGUAS ESTRANXEIRAS 13-14.docx**